

## **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AOS CONCELLOS ADHERIDOS AO PLAN REVITALIZA PARA O NOMEAMENTO INTERINO DE MESTRAS E MESTRES COMPOSTEIROS MUNICIPAIS**

### **INTRODUCCIÓN**

As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento da fracción orgánica dos residuos municipais (en diante FORM) están moi lonxe de poder cumprirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, polo menos, o 25 % da FORM antes do ano 2020 non se poderá acadar se non se comezan a dar xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos estratéxicos potenciar a área ambiental, cunha aposta clara pola colaboración cos concellos a través do Plan Revitaliza, no que aposta polo tratamento da FORM a través da compostaxe empregando principalmente composteiros individuais de exterior (en adiante COINEX) e os centros de compostaxe comunitaria (en diante CCC).

En relación con estes últimos a Administración provincial ten instalados en 24 concellos da provincia un total de 61 CCC con 436 unidades modulares de compostaxe (en diante UMC) con capacidade unitaria para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan coa aprobación das veciñas e veciños que participan no proceso.

Non obstante, unha vez posto en marcha o Plan Revitaliza resultaba preciso, para poder seguir avanzando na súa efectividade, acadar un marco máis estable para proceder á súa organización, ao cálculo de necesidades e demais aspectos.

Para cumprir esa premisa a Xunta de Goberno, na sesión do 14 de outubro de 2016, aprobou o Protocolo de actuación para a adhesión dos concellos ao Plan Revitaliza (BOPPO núm. 199, de 18 de outubro de 2016), cun corpo mínimo de obrigas ben delimitadas e definidas por parte da Deputación e dos concellos que permitan acadar os obxectivos fixados e determinar con precisión as necesidades futuras, cos seguintes obxectivos:

- Determinar as necesidades de persoal, tanto de mestras e mestres composteiros coma de persoal técnico superior ou de calquera outro tipo, necesarios para dar continuidade ao Plan

- Determinar as necesidades formativas de persoal
- Precisar as necesidades de triturado para acadar economías de escala
- Facer previsións de dotacións económicas
- Dimensionar o servizo correspondente na Deputación
- Elaborar os mecanismos de colaboración entre a Deputación e os concellos
- Dar estabilidade á colaboración da Deputación cos concellos e determinar un marco de actuación definido e previsible

Ademais, para consolidar o Plan Revitaliza (ao que están adheridos 36 concellos) a Deputación puxo en marcha unha serie de axudas que lles permitirán aos concellos faceren fronte aos sobre-custos derivados da súa posta en marcha no período de tránsito do actual sistema de recollida e tratamento ao novo sistema baseado na compostaxe; son 33 os concellos adheridos á liña 1, que lles permitirá dispoñer dun plan de residuos individualizado, e 5 os beneficiarios da liña 2, que ten por obxecto subvencionar a adquisición dos COINEX, CCC e demais material complementario (remolques, trituradoras etc.).

En relación co primeiro dos obxectivos do Protocolo de adhesión a Deputación de Pontevedra adquiriu a obriga de dotarse de persoal propio para botar a andar o proxecto por parte dos concellos e para realizar asesoramento posterior. Para iso a Administración provincial formou durante os anos 2016 e 2017 a 35 mestres/as composteiros/as e realizou os correspondentes procesos selectivos para o nomeamento interino por execución do programa Revitaliza do persoal técnico necesario, que culminou coa contratación de seis técnicos/as de xestión de biorresiduos, doce mestres/as composteiros/as e dous/dúas técnicos/técnicas de xestión económico-administrativa, que se están a encargar do control e a supervisión dos CCC e do asesoramento permanente aos concellos que solicitaron subvencións, ao amparo das liñas 1 e 2 do Plan.

Aínda que a colaboración das e dos técnicos provinciais está garantida durante a posta en marcha dos proxectos nos distintos concellos, a intención é que estes se vaian dotando paulatinamente de persoal propio que poida dar continuidade a eses traballos. Así, de acordo co establecido no protocolo de adhesión, os concellos asumen a obriga de achegar o persoal necesario para o funcionamento do Plan, directamente ou a través das

convocatorias da Deputación, e a de realizar as achegas económicas que, no seu caso, se determinen.

Por iso, co obxectivo de dar cumprimento ás obrigas establecidas no protocolo de adhesión ao Plan Revitaliza, a Deputación de Pontevedra decide abrir unha convocatoria de subvencións destinada a financiar, de maneira transitoria e paulatina, ata que os concellos adheridos ao Plan Revitaliza asuman completamente ese financiamento, o custo salarial, incluída a cotización á Seguridade Social, das persoas necesarias para o seguimento e a execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na compostaxe nos citados concellos.

Con esta finalidade ponse en marcha esta convocatoria de subvencións para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos da provincia e como medida de fomento da contratación de persoal.

Do mesmo xeito, atendendo á dificultade que representa para os concellos a realización dos procesos selectivos dedicando medios propios e á urxencia de que as necesidades de persoal derivadas da implantación da compostaxe no marco do Plan Revitaliza sexan atendidas, a Deputación encargárase de efectuar un proceso selectivo único no que se estableza unha bolsa de emprego que dará cobertura ás necesidades de persoal municipal neste eido a medida que se vaian producindo.

Para isto os concellos que soliciten estas axudas recibirán un número máximo de traballadoras ou traballadores que se determinará en función da poboación, do número de unidades modulares de compostaxe e centros de compostaxe comunitaria en funcionamento no municipio e das necesidades determinadas polo grao de implantación do plan, intentando cubrir deste xeito as necesidades reais de persoal para levar a cabo esta actuación. Estas previsións iniciais poderán ser revisadas no caso de concorrer circunstancias relevantes que así o requiran, tales como instalación de novos CCC, ou outras que determine o persoal técnico provincial a solicitude dos concellos beneficiarios.

Esta iniciativa provincial enmárcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións xa que deben dirixir a súa actividade a cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e o tratamento de residuos.

Ademais, preténdese desde o ente provincial colaborar cos concellos adheridos ao Plan Revitaliza para a consecución dos seus obxectivos e o cumprimento do establecido no protocolo de adhesión, traballando de xeito conxunto na implicación e estimulación da cidadanía para acadar un tratamento máis eficiente, tanto ambiental coma economicamente, dos residuos xerados nos fogares, tentando así alcanzar os obxectivos que nesta materia se establece na diversa normativa en materia de residuos.

Segundo o disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 13 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, nos concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos. Pola súa banda, no artigo 36.1.c) desta lei establécese que é competencia da Deputación prestar os servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e fomentar ou, no seu caso, coordinar a prestación unificada de servizos dos concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación.

Nesa mesma liña, o artigo 6 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia atribúelles ás deputacións a competencia para adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa cos concellos na prestación do servizo de recollida e xestión de residuos urbanos, e inclúe estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

O artigo 30 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, establece que a Deputación cooperará para a efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando para este fin os medios económicos propios desta que se lle asignen ou as subvencións ou axudas de calquera outra procedencia.

En consecuencia, á vista do exposto, acórdase convocar subvencións para financiar o nomeamento interino por programa do persoal encargado de realizar as tarefas precisas para a xestión dos residuos orgánicos xerados nos concellos da provincia a través da compostaxe, que se rexerá polas seguintes

## BASES

### **Primeira. Obxecto e finalidade**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública das subvencións destinadas a financiar de maneira transitoria e paulatina, ata que os concellos adheridos ao Plan Revitaliza asuman completamente ese financiamento, o custo salarial establecido na cláusula oitava, incluída a cotización á Seguridade Social, derivado do nomeamento interino por programa das persoas necesarias para o seguimento e execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na compostaxe (mestras e mestres composteiros) nos concellos que poidan ser beneficiarios desta liña de axudas, durante o período 2018-2020.

### **Segunda. Financiamento**

O financiamento deste programa efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 18/923.1623.462.02 do Orzamento provincial para o ano 2018, na que existe crédito adecuado para tal fin por importe de 546.367,20 euros. Os importes correspondentes ás anualidades 2019 e 2020 quedarán condicionadas á aprobación dos respectivos orzamentos.

### **Terceira. Entidades beneficiarias. Requisitos**

Estas subvencións van dirixidas aos concellos da provincia que estean adheridos ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra con anterioridade á publicación desta convocatoria.

A cada concello dos que poden optar a estas subvencións asignaráselle un número máximo de empregadas ou empregados subvencionables, atendendo á poboación segundo os últimos datos oficiais publicados polo INE, de acordo co seguinte detalle:

- Concellos cunha poboación de ata 5.000 habitantes: máximo 1 persoa traballadora
- Concellos cunha poboación entre 5.001 e 10.000 habitantes: máximo 2 persoas traballadoras
- Concellos cunha poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes: máximo 3 persoas traballadoras
- Concellos cunha poboación de 20.001 habitantes en diante: máximo 4 persoas traballadoras

Deste xeito, a distribución máxima de empregadas ou empregados entre os concellos actualmente adheridos ao Plan Revitaliza quedaría definida do seguinte xeito:

<b>Concello</b>	<b>Número habitantes</b>	<b>Núm. máximo de persoas traballadoras para subvencionar</b>
Baiona	12.169	3
Barro	3.699	1
Bueu	12.145	3
Caldas de Reis	9.825	2
Cambados	13.900	3
Campo Lameiro	1.867	1
Cangas	26.490	4
Catoira	3.337	1
Cuntis	4.750	1
Gondomar	14.233	3
Grove, O	10.746	3
Illa de Arousa, A	4.968	1
Lalín	20.075	4
Moaña	19.439	3
Mondariz	4.548	1
Mondariz Balneario	627	1
Neves, As	3.968	1
Oia	3.004	1
Ponte Caldelas	5.562	2
Ponteareas	22.893	4
Pontevedra	82.671	4

<b>Concello</b>	<b>Número habitantes</b>	<b>Núm. máximo de persoas traballadoras para subvencionar</b>
Porriño, O	19.600	3
Redondela	29.392	4
Ribadumia	5.081	2
Rodeiro	2.567	1
Rosal, O	6.328	2
Salceda de Caselas	9.017	2
Salvaterra de Miño	9.657	2
Sanxenxo	17.241	3
Silleda	8.669	2
Soutomaior	7.242	2
Tomíño	13.585	3
Tui	16.860	3
Valga	5.986	2
Vilaboa	6.023	2
Vilagarcía de Arousa	37.479	4
<b>TOTAL</b>		<b>84</b>

Considerando estas previsións de máximos, e tras as consultas previas realizadas cos distintos concellos e os estudos de campo feitos polo persoal técnico provincial, estímase que as necesidades reais de persoal quedarían cubertas coa selección de 40 mestras ou mestres composteiros, sen prexuízo de que a bolsa poida estar composta por un número maior de aspirantes. Soamente estarán operativos ou traballando ata un máximo de 40 persoas ao mesmo tempo, a cuxo efecto se fai a oportuna retención de crédito derivada desta previsión.

Nas súas instancias os concellos poderán solicitar un número menor de persoas empregadas que o que lle correspondería de acordo co criterio de poboación.

#### **Cuarta. Criterios de concesión**

Con estas previsións a Deputación determinará a asignación do número exacto de persoas empregadas por cada concello en réxime de concorrencia competitiva atendendo aos seguintes criterios de valoración sobre un total de 100 puntos:

1. Experiencia acumulada no tratamento dos residuos orgánicos a través da compostaxe tanto nos centros de compostaxe comunitaria (CCC) instalados no concello como a través de composteiros individuais de exterior (COINEX), ademais da realización doutras accións destinadas a fomentar a separación en orixe da FORM e a reciclaxe do resto das fraccións, **ata 60 puntos**. Para valorar esta experiencia o concello deberá presentar unha memoria na que se inclúa o contido mínimo que se especifica na cláusula décima destas bases
2. Posibilidade de acadar o tratamento progresivo do 100 % da FORM xerada no concello vía COINEX e/ou CCC, **ata 40 puntos**. Para valorar este criterio o concello solicitante da subvención deberá presentar un plan de acción en materia de residuos no horizonte temporal 2018-2020 no que se inclúa, como mínimo, o contido relacionado na cláusula décima destas bases

Da valoración destes criterios encargárase unha comisión de persoas expertas que estará constituída por persoal do Servizo de Asistencia Intermunicipal adscrito ao Plan Revitaliza e que poderá contar con asesoría interna e externa.

En calquera caso, as solicitudes **que non acaden o 40 %** da anterior puntuación serán eliminadas por entender que non reúnen os requisitos técnicos mínimos para acceder a estas subvencións.

Á vista das puntuacións obtidas segundo os criterios de adxudicación citados e unha vez valoradas polo persoal técnico provincial as necesidades reais de cada concello solicitante farase unha primeira distribución de persoal para que lle corresponda como mínimo unha ou un mestre composteiro a cada concello. Os postos restantes distribuiranse posteriormente tratando de cubrir as necesidades reais dos concellos que precisen máis dun empregado en función da puntuación obtida nos criterios de valoración.

Co resultado da ponderación destes criterios e tendo en conta o límite máximo de persoal por concello as ou os técnicos provinciais proporán o número definitivo a subvencionar para cubrir as necesidades específicas de cada solicitante.

#### **Quinta. Definición e funcións do persoal subvencionado**

O persoal que cómpre para o seguimento e a execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na compostaxe e para cuxo nomeamento se conceden estas subvencións denominarase mestras ou mestres composteiros.

As persoas seleccionadas para os postos subvencionados terán o nivel C1 e prestarán os seus servizos nos concellos que resulten beneficiarios destas subvencións para a execución do seu propio programa de carácter temporal vinculado ao novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe, así como para a execución de calquera outro relacionado coa recollida selectiva de residuos en xeral, quedando expresamente prohibido adscribilas á realización doutras actividades.

As funcións básicas que desempeñarán as mestras ou mestres composteiros serán, entre outras, as seguintes:

1. Revisión e control dos centros de compostaxe comunitarios (de agora en diante CCC) distribuídos polo concello no que presten os seus servizos. Dentro dos labores de revisión e

control están:

- a. Inspección do módulo de achega levando a cabo as intervencións precisas para adecuar correctamente o equilibrio entre a materia orgánica e o material vexetal (estruturante)
- b. Control da temperatura e a humidade dos módulos regando se fose preciso o material en proceso ou secándoo, no caso contrario, mediante a achega de estruturante e/ou remexidos
- c. Transvase do material en proceso aos módulos seguintes
- d. Unha vez finalizado o proceso, cribado e reparto do compost elaborado aos participantes de cada centro
- e. Toma de datos de todas estas accións para o control da trazabilidade do proceso e achega fotográfica da evolución do material nas diferentes fases
- f. Emprego da máquina trituradora de restos vexetais e, no seu caso, da motoserra

2. Labores de comunicación e formación da cidadanía interesada en participar, así como despexar as posibles dúbidas presentadas ao longo do tempo
3. Formación das e dos empregados e persoas voluntarias do concello que, co tempo, levarán os labores de achega e remexido do módulo de achega
4. Revisión dos espazos propostos polos concellos para as novas instalacións dos CCC desde o punto de vista técnico
5. Revisión das necesidades de composteiros individuais de exterior (en adiante COINEX) que pretendan instalar os concellos, recollida de datos da veciñanza, supervisión da súa instalación e control do seu uso e evolución
6. Estudos relativos á clasificación e caracterización dos residuos xerados no concello conducentes á optimización das súas rutas de recollidas
7. Calquera outra actividade relacionada coa xestión dos residuos municipais

#### **Sexta. Requisitos e selección das/dos mestras/es composteiros**

As ou os mestres composteiros prestarán os seus servizos nos concellos beneficiarios destas subvencións e, previa superación do correspondente proceso selectivo, serán nomeadas/dos persoal funcionario interino polos concellos por razóns de urxencia e inaprazable necesidade para a execución dun programa de carácter temporal con fundamento no artigo 10.1.c do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia, no artigo 27.1.2 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, na disposición adicional primeira do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, na Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño, sobre selección e nomeamento de persoal funcionario interino e no Decreto 95/1991, de 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os principios de mérito e capacidade.

Este nomeamento estará ligado á execución do programa de carácter temporal do propio concello vinculado ao novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe polo que os seus efectos estarán condicionados pola súa duración, así como pola dispoñibilidade orzamentaria, tendo en conta, así mesmo, a duración máxima permitida pola normativa de aplicación. Daquela, este persoal non terá ningunha relación, nin de servizo nin laboral ou doutro tipo, coa Deputación de Pontevedra.

En consonancia co disposto no protocolo de adhesión dos concellos ao Plan Revitaliza, ante a falta de medios técnicos e de persoal dos concellos e para evitar as dilacións que suporía que cada concello realizase a súa propia selección, a Deputación de Pontevedra será a encargada de levar a cabo o proceso selectivo do persoal subvencionado, abrindo a correspondente convocatoria, e elaborará unha bolsa de emprego para cubrir eventuais necesidades, así como as posibles baixas voluntarias ou incapacidades temporais que se produzan nos postos subvencionados unha vez cubertos.

A presentación da solicitude implica a aceptación expresa por parte do concello da encomenda á Deputación de Pontevedra para realizar estas tarefas de selección de persoal.

As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional e a titulación esixida para a categoría profesional do posto ofertado (C1), non estar incursas en causas de incompatibilidade e superar o proceso selectivo que convoque a Deputación de Pontevedra, no que se terán en conta, ademais dos coñecementos teóricos sobre as materias que formen parte de programa, a experiencia profesional así como os coñecementos específicos en materia de compostaxe adquiridos en cursos monográficos neste eido, co fin de acreditar a súa competencia profesional.

#### **Sétima. Substitución das mestras e mestres composteiros nos casos de cese voluntario, despido ou incapacidade temporal**

Con carácter xeral, cando se produza o cese no nomeamento ou a renuncia da ou do funcionario interino antes de rematar o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitarlle á Deputación que lle adxudique outra persoa para cubrir o posto vacante de entre as que formen parte da bolsa de emprego para o posto que xestionará o ente provincial. Esta solicitude deberá presentarse dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da persoa inicialmente nomeada, e unha vez aprobada a solicitude o concello deberá nomear como funcionaria ou funcionario interino á nova persoa seleccionada no prazo máximo de 15 días naturais.

No suposto de baixas temporais por maternidade ou por outras causas que se prevexa que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible coa autorización expresa da Deputación previa solicitude fundamentada do concello beneficiario no que quedarán suficientemente acreditadas a causa da baixa e a previsión da súa duración.

No caso de baixas temporais permitirase esta substitución soamente a efectos da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por asumir o custo dunha ou doutra empregada ou empregado alternativamente durante o período de baixa. O concello deberá comunicarlle estas situacións á Deputación mediante un escrito motivado.

#### Oitava. Contía da subvención e período subvencionable

O límite máximo para cada nomeamento interino por programas subvencionado será de 27.318,36 euros anuais.

Grupo	Nivel	Total devengos mes incluídos extras	rateos pagas	Cota patronal	Total mensual	Total anual
C1	20	1.733,18		543,35	2.276,53	27.318,36 €

O financiamento comprende exclusivamente o custo salarial e a cotización á Seguridade Social, excluíndose outros conceptos coma a indemnización por cese, a produtividade, as gratificacións e similares, e os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por esta categoría profesional no concello.

As porcentaxes da subvención irán decrecendo do xeito indicado na seguinte táboa, establecéndose tres períodos subvencionables:

ENTIDADE	ANO 2018	ANO 2019	ANO 2020
Deputación de Pontevedra	100 %	50 %	30 %
Concello	0 %	50 %	70 %

No caso de percibir algunha subvención ou axuda por parte doutras administracións públicas para o financiamento da mesma finalidade, concorrente coa que se regula nestas bases, os concellos beneficiarios deberán comunicarlle á Deputación de Pontevedra o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100 % do custo salarial que supoñan as persoas empregadas incorporadas ao concello, incluíndo o custo das cotas para satisfacer en concepto de cotización á Seguridade Social.

### **Novena. Presentación de solicitudes**

As entidades que queiran ser beneficiarias das axudas reguladas nestas bases deberán presentar o modelo de solicitude que figura como anexo I, xunto coa documentación á que se fai referencia na cláusula décima.

O feito de non se axustar aos termos da convocatoria ou a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos do 54 ao 56 da LXS.

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional dos termos regulados nestas bases.

As solicitudes irán dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro xeral da Deputación, no da súa sede en Vigo ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os horarios dos rexistros son os seguintes:

- Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra (avda. Montero Ríos, s/n, Pontevedra), de luns a venres, de 8:30 a 14:30 horas e de 17:00 a 19:00 horas
- Rexistro da sede da Deputación en Vigo (rúa Oporto, 3, 36201 Vigo), de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para presentar as solicitudes será de dous meses (2) contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

### **Décima. Documentación**

Para poder participar nestas subvencións deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Solicitude da alcaldesa ou do alcalde, xunto co acordo de aprobación desta por parte do órgano municipal competente do concello
- b) Certificación de estar adherido ao Plan Revitaliza con anterioridade á publicación desta convocatoria

- c) Certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente, relativo a ter en funcionamento algún centro de compostaxe comunitario
- d) Certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente no que se faga constar o seguinte:
  - o Se o concello obtivo ou solicitou calquera outra axuda ou subvención relacionada co obxecto desta convocatoria
  - o Que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas
  - o Que está ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- e) Memoria descritiva das funcións que se pretenden encomendar ao persoal subvencionado
- f) Proxecto de actuación en materia de residuos e memoria na que se indique a experiencia acumulada na implantación da compostaxe no municipio consonte o establecido na base cuarta desta convocatoria

Neste proxecto deberase indicar, como mínimo, a seguinte información:

1. Con respecto á experiencia acumulada na implantación da compostaxe no concello:

- Número de CCC instalados no concello e a súa situación, así como o número de UMC dos que consta cada un. Grado de participación cidadá (número de persoas inscritas e estimación das non inscritas que achegan residuos aos CCC). Niveis de residuos tratados en cada centro e de compost producido. Protocolo de provisión do estruturante preciso para os procesos de compostaxe

- No caso de ter composteiros individuais de exterior (COINEX) repartidos entre a veciñanza do concello: indicar o número de COINEX distribuídos e as datas de instalación, así como os datos de seguimento do seu funcionamento

- No caso de ter realizado outras accións específicas para o fomento da separación en orixe da fracción orgánica: explicación do desenvolvemento destas accións concretas e resultados obtidos. Este tipo de accións poden comprender campañas de recollidas especiais en eventos organizados polo concello, campañas de

información relacionadas coa prevención, reciclaxe, talleres formativos e outras similares

- Indicarase se o concello ten asinados convenios con organismos que promovan a recollida separada do resto das fraccións (vidro, envases, papel e cartón, téxtil etc.) e que faciliten a separación en orixe da FORM e o seu tratamento a través da compostaxe

- Protocolo de recollida e reciclaxe dos restos de poda xerados polo concello

- Calquera outra información relevante relacionada coa experiencia do concello en materia de compostaxe

2. Con respecto ao proxecto de actuación en materia de residuos:

Os concellos solicitantes deberán presentar un plan de acción en materia de residuos no período 2018-2020, no que se incorporarán como mínimo:

- Análise da poboación do concello, considerando o nivel de dispersión, a ruralidade e a súa densidade

- Análise do ámbito xeográfico do concello, indicando se pretende implantar o sistema baseado na compostaxe na totalidade do termo municipal ou soamente en zonas concretas

- Obxectivos que se pretenden alcanzar co novo sistema formulado

- Relación de actividades que se pretenden levar a cabo no concello para acadar os obxectivos propostos

- Previsión das tarefas específicas que levará a cabo o persoal subvencionado, así como a xustificación da necesidade do número de empregadas e empregados solicitado

g) Compromiso asinado pola alcaldesa ou polo alcalde de manter durante o período de vixencia da subvención o posto das persoas incorporadas, sempre que non finalice o plan de compostaxe municipal ao que están vinculados os postos

subvencionados ou salvo que concorran causas excepcionais previa autorización da Deputación de Pontevedra

h) Declaración/compromiso de cofinanciar calquera concepto non subvencionable ou o importe que lles teñan que aboar ás ou aos traballadores que exceda o da subvención

No caso de presentar incompleta a documentación á que se refire esta base, requirirase ao interesado para que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez días hábiles, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistido/da da súa solicitude previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Décimo primeira. Instrución e procedemento**

1. A instrución do procedemento de concesión, que corresponde ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. Unha vez presentadas as solicitudes realizará o estudo e a súa comprobación o servizo instrutor
- b. O xefe do servizo ten a condición de órgano instrutor. As actividades do instrutor comprenderán:
  - Petición de informes: o prazo de emisión será de 10 días, salvo que se autorice un prazo maior
  - Informe-proposta do xefe de servizo, no que figurará a valoración feita pola comisión de expertos á luz dos criterios de concesión e no que se explicará o sistema de valoración que se seguiu, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación e sinalando a subvención que lle corresponde a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións

2. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta

3. Estudo do informe-proposta por parte da comisión de avaliación, que neste expediente estará formada por:

Presidenta: Marina Piñeiro Novo, xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios

Vogais: Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios; María Martínez Abraldes, técnica adscrita ao Plan Revitaliza, e Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento

Secretario: Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal

4. Proposta de resolución. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará a proposta de resolución, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento

5. A proposta de resolución non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión

#### **Décimo segunda. Resolución**

Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de resolución, o órgano competente resolverá o procedemento.

A resolución deberá motivarse, quedando acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Na resolución, ademais de conter o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, farase constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

#### **Décimo terceira. Nomeamento do persoal**

Unha vez efectuada a selección das e dos empregados na forma prevista nas bases que rexerán o procedemento selectivo único convocado pola Deputación, a entidade beneficiaria procederá ao seu nomeamento tendo en conta que, en todo caso, este se deberá efectuar no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención.

Os concellos beneficiarios comprométense a manter durante o período de vixencia da subvención o posto das persoas incorporadas, sempre que non finalice o plan de compostaxe municipal ao que están vinculados os postos subvencionados ou salvo que concorran causas excepcionais previa autorización da Deputación de Pontevedra.

As entidades darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas no código de conta de cotización que corresponda.

No caso de que algún dos nomeados renuncie ao posto antes da finalización do período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, o concello poderá nomear a outra persoa para que ocupe o posto vacante polo tempo restante, sen que en ningún caso a duración total da ou do inicial e da ou do substituto poida exceder do período total subvencionable. No caso de renuncia a persoa que ocupe o posto vacante deberá escollerse de entre as que ocupen a bolsa de emprego que a Deputación poña en marcha para o posto unha vez rematado o proceso selectivo.

En ningún caso a relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora vinculará a Deputación de Pontevedra.

#### **Décimo cuarta. Pagamento da subvención**

O pagamento da subvención farase efectivo por anualidades ou tramos subvencionables, tal e como estes se detallan na cláusula oitava destas bases. Dentro de cada unha das tres anualidades que conforman o período subvencionable o pagamento efectuarase da seguinte forma:

- O 50 % da porcentaxe subvencionable para a anualidade 2018 ao inicio da totalidade dos nomeamentos previa solicitude do concello, debendo achegarse o documento acreditativo correspondente (certificación), expedido polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente xunto coa copia do nomeamento, así como o xustificante da alta na Seguridade Social. Aboarase segundo o número de nomeamentos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas empregadas, as datas de inicio, a categoría profesional e a duración do nomeamento.
- O 50% das porcentaxes sucesivas por anualidade serán aboadas ao inicio de cada ano previa solicitude do concello, debéndose acreditar a continuidade dos nomeamentos nos postos indicados a través do correspondente documento acreditativo expedido polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a continuidade dos

nomeamentos, no que se faga constar a identificación das persoas, a súa categoría profesional e as datas de inicio e fin da súa relación co concello.

- O 50 % restante das porcentaxes subvencionables en cada un dos períodos efectuarase nos prazos sinalados e previa presentación da documentación esixida na seguinte base.

#### **Décimo quinta. Xustificación e seguimento**

Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución da actividade subvencionada, a entidade beneficiaria deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar a través do Rexistro xeral da institución provincial a seguinte documentación no prazo máximo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización de cada un dos períodos subvencionables:

- Memoria final sobre as actividades realizadas polo persoal nomeado

- Certificación acreditativa da ou do secretario ou da ou do interventor de que os gastos son reais e de que se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame cos xustificantes correspondentes. Neste certificado deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo en concepto de incapacidade temporal das ou dos empregados con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial

- Copias compulsadas das nóminas aboadas ás e aos empregados nomeados ao abeiro desta subvención, así como os documentos bancarios que acrediten o pagamento dos salarios (transferencias bancarias)

- Acreditación do cumprimento de dar difusión ao financiamento obtido

A Intervención provincial poderá requirir calquera outra documentación complementaria para acreditar a efectividade dos nomeamentos.

#### **Décimo sexta. Perda da subvención e reintegro**

Procederá a perda do dereito ao cobro das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De conformidade co artigo 14.1. da citada Lei 9/2007, o importe para reintegrar determinarase consonte os seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións esixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención, especialmente da obriga de complementar os salarios (incluída a cotización á Seguridade Social) das e dos empregados nos períodos subvencionables nos que a Deputación non se faga cargo do 100% destes: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado

b) Non realizar a actividade ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado

c) Incumprimento da obriga de presentación de documentación esixida na cláusula décimo quinta: no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación esixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe a reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado

#### **Décimo sétima. Publicidade**

Os concellos beneficiarios quedarán obrigados a dar publicidade a través das súas páxinas web e dos seus taboleiros de anuncios da información relativa á convocatoria do proceso selectivo, que se efectuará para cubrir os postos de traballo subvencionados.

#### **Décimo oitava. Réxime da aceptación e renuncia da subvención**

Unha vez notificada a resolución polo órgano competente as subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os concellos beneficiarios non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles desde a súa notificación.

#### **Décimo novena. Natureza e réxime xurídico**

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións.

De acordo co disposto na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estas subvencións rexeranse polo disposto nestas bases, resultando de aplicación supletoria as disposicións da devandita lei.

#### **Vixésima. Recursos**

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.